



CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org

CONVOCATORIA

Expte.: 2023003859
Asunto: Subvencións para obras en cemiterios de titularidade privada

1. OBXECTO

O Concello de Nigrán realiza a convocatoria de subvencións co obxectivo de mellorar as infraestruturas existentes nos cemiterios de titularidade privada para garantir o cumprimento da normativa en materia sanitaria e prestar un servizo de maior calidade aos veciños.

2. NORMATIVA E BASES REGULADORAS

A presente convocatoria rexeráse polo texto refundido de bases específicas aprobado por este Concello en sesión plenaria de 26/12/2023, cuxo extracto foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 13/02/2024, ademais de polo previsto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

O texto das bases pode consultarse no seguinte enlace da base nacional de subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/743465>) V

3. BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións, comunidades de propietarios ou outras entidades sen natureza relixiosa, titulares de cemiterios privados situados no termo municipal de Nigrán

4. FINANCIAMENTO

A contía máxima da convocatoria ascende a 30.000 euros con cargo á consignación orzamentaria reflectida na partida 24 164 48000 do Orzamento Xeral para o ano 2022 prorrogado para o ano 2024.

5. CONTÍA DAS AXUDAS

Establécese un importe máximo total subvencionable por entidade de 30.000 euros.

As subvencións concederanse de acordo cos criterios establecidos no apdo. "criterios de outorgamento" das bases reguladoras.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Poderán presentarse solicitudes de axudas durante o prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.





CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org

As solicitudes presentaranse de acordo co establecido na base “presentación de solicitudes” das bases específicas.

7. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

Unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto de subvención, os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a documentación xustificativa relacionada na base “xustificación e pago das subvencións” das bases específicas.

O prazo máximo para presentar esta documentación será o 15 de setembro do ano 2024.

